

# **ACTA DA NOVENA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECIMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS**

ASISTENTES:

**POLA XUNTA DE GALICIA:**

Don Tomás Fernández-Couto Juanas  
Director Xeral de Defensa do Monte  
Don Iñaki Bergaretxe Urdanpilleta  
Subdirector Xeral de Prevención  
Don Alberte Piñeiro Tubío  
Xefe do Servizo de actuacións preventivas

**POLA FEGAMP:**

D. Alfonso Villares Bermúdez  
Vicepresidente primeiro da Fegamp  
Eduardo Ramonde Rodríguez  
Secretario Xeral da Fegamp

**POR SEAGA:**

Don Pablo Arbones Maciñeira  
Director xerente de Seaga  
Doña Carmen Paz López  
Enxeñeira de Montes de Seaga

En Santiago de Compostela, as 10:00 horas, do día 22 de agosto de 2019, na Sala de Xuntas da Dirección Xeral de Defensa do Monte, reúnense os citados anteriormente co fin de celebrar a reunión da Comisión de Seguimento do Convenio baixo a seguinte

## **ORDE DO DÍA**

- I.- Lectura e aprobación da acta da reunión da Comisión de 24 de xullo de 2019
- II.- Aprobación das novas solicitudes de adhesión ao Convenio
- III.- Aprobación do procedemento para a tramitación dos proxectos pilotos para as aldeas modelo
- IV.- Aprobación do procedemento para a priorización das parroquias afectadas pola activación da situación operativa 2 do Peifoga
- V.- Análise do borrador do texto para a segunda addenda ao Convenio.
- VI.- Rogos e preguntas

Aberta a sesión polo Presidente, D. Tomás Fernández-Couto Juanas, abórdanse os distintos puntos da Orde do día.

## **I.- LECTURA DA ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE 25 DE XUÑO DE 2019 E APROBACIÓN DA MESMA**

Acórdase celebrar unha reunión da comisión a principios de setembro na que se aprobarán as actas oitava e novena da Comisión.

## **II.- APROBACIÓN DAS NOVAS SOLICITUDES DE ADHESIÓN AO CONVENIO**

Na data da celebración da Comisión rexistráronse novas solicitudes de adhesión ao Convenio de 10 Concellos:

<b>Concellos A Coruña (4)</b>
CORCUBIÓN
CORISTANCO
NEGREIRA
TOQUES

<b>Concellos Ourense (6)</b>
BEARIZ
CARBALLIÑO (O)
IRIXO (O)
MONTEDERRAMO
RÚA (A)
XUNQUERIA DE ESPADANEDO

Admítense as solicitudes de adhesión destes Concellos e acórdase notificar con esta data as resolucións individuais informando da admisión segundo o modelo aprobado pola Comisión e revisado polas partes asinantes do Convenio. Posteriormente dende Seaga contactarase cos Concellos adheridos para ir avanzando na elaboración da planificación.

## **III.- APROBACIÓN DO PROCEDIMENTO PARA A TRAMITACIÓN DOS PROXECTOS PILOTOS PARA AS ALDEAS MODELO**

Coméntase na Comisión o texto elaborado polo grupo de traballo en relación co procedemento para a tramitación dos proxectos pilotos para as aldeas modelo. Acórdase pospoñer a súa aprobación ata a próxima reunión da Comisión dado que este procedemento estará incluído na nova addenda.

Nun principio as liñas xerais do procedemento serán as seguintes:

1. Para a execución de proxectos piloto de mobilización de terras nas faixas secundarias de xestión da biomasa, poderá destinarse ata 1.250.000 € para cada anualidade do orzamento previsto neste convenio.

2. Entenderase por proxecto piloto aquelas propostas públicas, privadas ou mixtas que pretendan levar a cabo nas faixas secundarias de xestión da biomasa dun núcleo de poboación, dos concellos adheridos ao presente convenio, a mobilización de terras a través da posta en produción destes terreos para cultivos de horta, cereal, pastos, pastoreo, froiteiras, castiñeiros, olivas, madeira de calidade, sistemas mixtos, actuacións de uso público de xestión municipal.
3. Con carácter previo a este proxecto piloto existirá unha “expresión de interese” por parte de propietarios de parcelas afectadas por faixas secundarias de xestión da biomasa, que deberá contar coas seguintes características:
  - Compromiso dos propietarios de poñer os predios a disposición do Banco de Terras por un período mínimo de 5 anos, que se materializará mediante a sinatura de contratos de mediación e incorporación de predios ao Banco de Terras de Galicia.
  - Terá unha superficie mínima de 5 ha en faixa secundaria.
4. Esta expresión de interese será trasladada a SEAGA a través do concello para que elabore a documentación técnica necesaria para elevala a comisión de seguimento, que aprobará as actuacións de xestión da biomasa destes predios unha vez asinados os referidos contratos co Banco de Terras de Galicia.
5. A xestión da biomasa nos terreos da expresión de interese levarase a cabo con cargo ao Convenio e a favor de AGADER durante os tres primeiros anos, sendo gratuito o custe da xestión para os propietarios.
6. Os promotores públicos, privados ou mixtos presentarán un proxecto piloto a SEAGA, que deberá cumprir coas seguintes características:
  - a) Deberá estar baseado en predios contidos en expresións de interese con actuacións de xestión da biomasa aprobadas pola comisión.
  - b) Terán superficies de actuación entre 5 e 20 ha en total.
  - c) Polo menos o 70% da superficie do proxecto piloto deberá estar situado en faixas secundarias, non tendo que ser os predios lindeiros.
  - d) O proxecto piloto circunscribirase a un núcleo de poboación.
  - e) Deberá concretar as actuacións necesarias para a súa implantación.
  - f) Os proxectos deberán acreditar a dispoñibilidade da superficie fóra do 70% descrita no punto c a través de calquera medio válido en dereito.
  - g) Compromiso do promotor de manter a explotación durante un mínimo de 5 anos.
7. SEAGA elaborará a documentación técnica necesaria para elevar á comisión de seguimento o proxecto piloto.
8. A comisión de seguimento avaliará a proposta segundo os seguintes criterios:

- a) Superficie do proxecto
- b) Provincia sen acción piloto
- c) Replicabilidade do proxecto
- d) Mecanización das actuacións (prioridade en terreos chairos e mecanizables)

9. Cando se consiga un promotor a comisión determinará a cantidade asignada ao mesmo, que consistirá na diferenza entre o máximo previsto para os proxectos piloto (2.500 €/Ha) e os custes incorridos polo Convenio na execución das rozas no período previo á aprobación do proxecto piloto. Así, se no primeiro ano se leva a cabo a roza con cargo ao Convenio, cun custo estimado de 1.500 €/ha., e no segundo ano aparece un promotor, este tería dereito a que se leve unha actuación adicional de 1.000 €/ha. para a implantación do proxecto. Nos casos en que o promotor asuma dende o principio o proxecto tería dereito a unha aportación en especie de 2.500 €/Ha.

#### **IV.- APROBACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA A PRIORIZACIÓN DAS PARROQUIAS AFECTADAS POLA ACTIVACIÓN DA SITUACIÓN OPERATIVA 2 DO PEIFOGA**

Acórdase abordar esta cuestión na próxima reunión da comisión.

#### **V.- ANÁLISE DO BORRADOR DO TEXTO PARA A SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO.**

Aínda non está cerrado o texto definitivo para a segunda addenda. Nesta addenda incorporaranse diversas cuestións que neste momento están en elaboración:

- a) Procedemento para a tramitación dos proxectos piloto das aldeas modelo
- b) Incorporación de cláusula xenérica de confidencialidade de datos e garantías para os usuarios no tratamento de información catastral protexida
- c) Desenvolvemento do módulo de inspección para a aplicación Xesbio.

Coméntase que non queda claro que unha vez firmado o contrato entre os particulares e Seaga poden comezar os traballos de xestión de biomasa. Sería interesante que na nova addenda se aclarase esta cuestión.

Acórdase esperar a elaboración definitiva do texto da nova addenda para analízalo na próxima Comisión.

#### **VI.- ROGOS E PREGUNTAS**

1.- Coméntase a situación dos expedientes iniciados para as execucións subsidiarias así como o apoio que teríamos dende os Concellos para estas accións. Proponse o estudo da posibilidade de asignar unhas 5 Ha para que os concellos adheridos poidan tramitar polo sistema público aínda que non teñan parroquias priorizadas.

2.- No caso das parroquias priorizadas o procedemento de notificacións de accións subsidiarias ten que facerse dende o concello. En caso de que non estean dispostos a notificar quedarían excluídos do convenio de colaboración.

3.- Estanse a preparar notificacións masivas que os concellos remitirán aos propietarios ás direccións do catastro. Considerando que os datos do catastro non garantirán a notificación estudárase a posibilidade de publicar o listado de notificacións no BOE e no DOG.

4.-Coméntase que nestes momentos hai 1162 parcelas adheridas.

5.- A versión completa de Xesbio deberá estar operativa no 2020.

6.- Lémbrese que a definición das vivendas illadas ten que ser decidida polos Concellos.

7.- Unha vez que se poña en exposición pública os plans municipais se podería pasar ao visor de forma pública.

8.- Entréganse por parte da Consellería de Medio Rural aos membros da comisión para o seu análises os seguintes modelos:

- Solicitud de autorización para realización de traballos de limpeza en franxas de protección de incendios.
- Solicitud de incorporación e autorización para realización de traballos de acondicionamento.
- Declaración responsable.

E sen máis asuntos que tratar, o Presidente da por finalizada a reunión, sendo as 11:30 horas da data sinalada no encabezamento.

A handwritten signature in blue ink, appearing to be 'Luis...', with a large, stylized flourish below it.